


Densidade de poboación en Galicia

→ Observa e analiza os mapas e os datos:



- En que zonas se **concentra a maior parte da poboación** en Galicia?

- Na súa maioría, estas zonas forman parte da **costa** ou do **interior**?

- En que **provincias** se concentra? Divídeas en **2 grupos** (en función de se a súa densidade é alta ou baixa) e **calcula a porcentaxe** de poboación que suman. Pódenche axudar estes **datos**:

Porcentaxe (%) de poboación por provincias

	2005	2017
A Coruña	40,8	41,4
Lugo	13,0	12,3
Ourense	12,3	11,5
Pontevedra	33,9	34,8

- **Enumera e localiza** no mapa as **7 cidades máis habitadas** de Galicia.
- En que zonas hai maior **concentración de áreas de máis de 10.000** habitantes?
- Atopas algunha **semellanza entre a distribución da poboación de España e Galicia?** (*Recorda o mapa da 1ª ficha de actividades*).
- Cales credes que poden ser as **causas da concentración da poboación** de España e Galicia **nestas zonas?** (*Consulta os factores de distribución da poboación*)